
DE ANACREONTE A PONDAL: UN NOVO POEMA

Manuel Ferreiro

Universidade da Coruña

1. Os vellos e novos poemas pondalianos

Resulta evidente que, no panorama literario-cultural do século XIX, Eduardo Pondal ocupa un lugar especialmente destacado, formando parte da tríada de clásicos da literatura galega decimonónica, xunto con Rosalía e Curros. Mais tamén é certo que, ao contrario do que acontece cos seus contemporáneos, pasado xa perto dun século após a súa morte, aínda a lírica pondaliana precisa dun labor de recuperación, fixación e estudo filolóxico apurado.

Certo é que as especiais condicións en que se desenvolveu o labor literario dos nosos clásicos decimonónicos obstaculizan o traballo de fixación dos corpus, pois a dispersión das fontes, os meios diversos en que se publicaban os poemas e, no caso de Pondal, a dificultade da súa letra e mais a existencia de numerosísimos materiais manuscritos de moi diversa condición (autógrafos e apógrafos) xerados ao longo dunha dilatada existencia e procedentes de fontes moi diversas –espallados en diversas institucións e arquivos– aínda complican máis a tarefa de edición [Ferreiro 1995: XI-XV]. Se a isto lle sumamos o desleixo no tratamento dos textos pondalianos, en especial dos que ficaron manuscritos á súa morte, explícase que na última edición de conxunto da súa lírica [Senín 1995]¹ se poidan detectar numerosos erros puntuais xunto coa multiplicación de textos sob a forma de redaccións alternativas ou simples variantes de poemas.

¹ Esta compilación da lírica pondaliana reúne, xunto cos *Queixumes dos Pinos* todos os denominados “Poemas inéditos” na edición académica [Academia Gallega 1935] (na realidade, a maioría destes procedían de textos impresos soltos), xunto cos poemas recuperados por Carballo Calero [1961] e por Amado Ricón [1971]. A falta de criterios claros e dunha análise demorada fai que nas compilacións modernas as duplicacións e, mesmo, triplicacións de poemas sexan unha constante.

Neste mesmo sentido, debe ser considerada a existencia dunha neurose criativa, xunto cunha obsesión polo futuro da súa obra –a *angustia pondaliana* de que se ten falado–, que o Bardo bergantiñán sufriu toda a súa vida e que se reflectiu, tamén, na permanente corrección dos seus propios textos. Todo apunta, pois, ao recoñecemento das profundas dificultades de fixación do corpus lírico pondaliano, en xeral, e de edición, en particular, pois a obra de Eduardo Pondal caracterízase por unha complexidade ecdótica que ningún outro autor na literatura galega moderna presenta [Ferreiro 1999: 509-510].

Por outra parte, a recente recuperación, despois de moitos anos de desaparición, dos materiais manuscritos de carácter lírico que Pondal legara testamentariamente á Real Academia Galega (RAG), permite a transcripción, fixación e estudo duns materiais que aportan unha nova imaxe de Pondal [Ferreiro 1999], máis rica e complexa, xunto coa aparición de novas liñas de expresión que ficaron truncadas polo feito de as súas condicións biográficas impediren a publicacións do(s) libro(s) que estaba a preparar nos derradeiros anos da súa vida [Ferreiro 1991: 72, 292].

Con este estado da cuestión, damos a coñecer agora, como homenaxe ao Profesor Basilio Losada, un novo texto pondaliano que achamos nestes fondos, en que traballamos desde hai tempo coa intención de recuperarmos a obra de Pondal na súa integridade e levarmos a cabo o que dispuña testamentariamente, certo que moitos anos despois de que o poeta lle encargase este labor á institución académica: “Dejo mis manuscritos literarios y mis impresos poéticos a la Real Academia Gallega para que los expurgue en connivencia con mis albaceas” [Ferreiro 1991: 63].²

2. A «Imitación de Anacreonte»

2.1. Os manuscritos

Os dous manuscritos, autógrafos, desta composición aparecen en dúas papeletas (132x210 mm.), a primeira delas pautaada, entre un feixe de papeis agrupados baixo o título *Da vanguardia o Postrema o Dos Servos*. A escrita nas dúas versións é típica de Pondal, con acumulación de alternativas e vacilacións de redacción:³

2 Labor necesario á vista da intervención deturpadora que a RAG exerceu nos textos pondalianos considerados inéditos en 1935, para alén da máis que deficiente edición que presentan a maioría dos “novos poemas” editados por Amado Ricón [1971], con multiplicación de erros de lectura, mestura de estratos redaccionais, descoñecemento da lingua pondaliana, etc.

3 Procuramos reproducir fielmente o manuscrito pondaliano, presentando en letra itálica o fragmento do manuscrito riscado polo poeta cunha aspa e incluíndo, cando posíbel, entre os signos de procedencia e derivación (<>) a escrita inicial reescrita posteriormente.

[r]

~~curta~~

Cousas da ~~breve~~ patria
verde

~~Cousas~~ doces e brandas
Quixen cantar un día
Nos esquivos acentos
non verde

De Castilla indigente e polvorenta

~~Da polvorosa e áspera Castilla;~~

De Castilla non verde e denegrída,
Mas as tendidas cordas
Da sonora lira,

A tal se rebelaban, escuras e remisas
E da pequena patria, doce e verde,

~~Da patria doce e verde~~

~~Tan solo os acentos repetía~~

Tan so cousas decían.

os feitos erguia:

Mudeille tod'as cordas

As douradas e ledas caravillas

As douradas cr<|>avixas,

D'ambos graciosos cornos recurvados,

Dos graciosos cornos recurvados.

Lle governei

~~E grandes~~ garridas:

A cantar comenzaba

boo

De ~~Ruiz~~ Diaz de Vivar,

sinalados

Os feitos esforzados

Nas veiras do gentil Guadalaviar

soantes

Mas os tirantes nervos

~~Nos nativos acentos~~

~~Que rebeldes s'obstinan,~~

~~Rebeldes prorrumpen~~

As lembranzas garridas

~~Nos acentos da patria garrida~~

~~E as lembranzas da patria doce e verde~~

Da patria doce e verde

~~Novamente s'obstinan~~

Obtinados suspiran

remisos

+ Mas os tirantes nervos
 Novamente s'obstinan
 + ~~As lembranzas garridas~~
~~As ¿eurotas? erguidas~~
 + As notas ~~audosas~~ sonoras
 + E lembranzas garridas
 + Da patria doce e verde
~~Da patria doce e verde~~
 Samente repetían

[v] oh fala,
 Quédate en paz, ~~oh terra,~~
~~Queimada de~~
 Adusta de Castilla
trementes
 Porq'as ~~¿tan doees?~~ cordas
 + D'esta para tí estraña e allea lira
allea dura
~~Da miña sueva lira,~~
 Os sonoros acentos
 As lembranzas garridas
~~Tan samente suspiran~~
molente
 Da pátria ~~pequena~~ dos cómaros verdes,
Tan samente suspiran

+ D'esta para ti allea e estraña lira.

O segundo manuscrito presenta unha versión moi semellante ao primeiro, mais parece claro que, aínda sendo dúas versións similares, o texto final do poema debe ser o que corresponde a esta versión, con presenza de título e con asteriscos dispostos en triángulo encabezando o texto da composición, características que Pondal introduce en todos aqueles textos “acabados” na súa redacción:

[r] (i. de Anacreonte)
*
* *(1) (1)

Cousas da doce patria,
 Quíxen cantar un día
fala
 ¡Necio, esquecendo a propia ~~e~~ doce lingua!
 Nos esquivos acentos

e fériida
Da polvorenta, ~~eseualida~~ Castilla
Da baza, indigentísima Castilla
da durísima
Nos esquivos acentos de Castilla
Mas as tendidas cordas
boa céltica
Da ~~sonorosa~~ lira,
A tal se rebelaban,
Escuras e remisas;
E da pequena patria doce e verde
Tan soo cousas decían.

as cordas todas
'as
Mudéille todas cordas;
lanzales
As douradas, e ledas caravillas,
D'ambos graciosos cornos recurvados,
Goberneille en seguida
~~Le gobernei garridas~~
+ Gobernaralle axiña:
A cantar comenzaba
+ Da pranenta Medina.
polventa
Do boo Díaz de Vivar,
+ Os eidos requeimados
Os feitos sinalados
+ Que ¿de? frescura e ¿de? verdor esligan⁴
Que pr'unha fresca gota d'auga
Nas veiras do gentil Guadalaviar:

¿sónides?
¿remisos?
tirantes nervos
Mas os ~~tendidas cordas~~
garridas
No ausente s'obstinan;
E as notas saüdosas,
antigas
E lembranzas garridas,

⁴ Este verso aparece unido, pola esquerda, cunha raia co posterior que presenta os signos ++.

curta
Da patria doce e verde
breve
De Suévia verdísima e non longa,
Samente repetían

++ Que de sede ardentísimos esligan
Que sedentos e fervidos esligan
Que fervidos c<d>a dura sede esligan
bazos

[v] Quédate en paz oh fala,
+ Da polvorenta e férrida
~~E da baza e d'asperrima~~ Castilla;
-Da polvorenta e monótona Castilla;
Porq'as frementes cordas
D'esta para tí allea, estraña lira,
Os ecos molentes
As cousas
~~Da patria molente~~, dos comaros verdes
Pl'a terra molente
Tan samente suspiran (1)

(1) (im. de Anacreonte)

2.2. O texto do poema

A partir destes dous manuscritos, fixamos o texto dun poema⁵ en que se explicita con clarezza a presenza de Anacreonte como fonte dun texto pondaliano. A fixación do texto realízase, sempre que posíbel, sobre a primeira escrita pondaliana, vista a imposibilidade de opción e xustificación de elección entre as varias redaccións alternativas que, como acontece case sempre, aparecen no noso poeta.

Im[itación] de Anacreonte

Cousas da doce patria
quigen cantar un día
nos esquivos acentos

5 Utilizando os criterios que xa foron empregados na edición de *Queixumes dos Pinos* [Ferreiro 1995: XLIV-L]. Neste caso, nótese a presenza da grafa antietimolóxica en *quixen* (v. 2) *axiña* (v. 14), ou as grafías orixinais *porq'as* (v. 27), *d'esta* (v. 28) e *pl'a* (v. 29).

da polvorenta e férrida Castilla. Mas as tendidas cordas da boa, céltica lira, a tal se rebelaban, escuras e remisas,	5
e da pequena patria doce e verde tan soo cousas decían.	10
Mudeille tod'as cordas, as douradas e ledas caravillas d'ambos graciosos cornos recurvados gobernáralle agiña: a cantar comenzaba da pranenta Medina os eidos requeimados, que de sede ardentísimos esligan.	15
Mas os tirantes nervos no ausente s'obstinan, e as notas saüdosas e lembranzas garridas de Suevia verdísima e non longa samente repetían.	20
Quédate en paz, oh fala, da polvorenta e férrida Castilla, porqu'as frementes cordas desta para ti allea, estraña lira p'la terra molente dos cómaros verdes tan samente suspiran	25 30

2.3. Notas ao texto

0. Metricamente, o poema, con rima asoante nos versos pares, presenta unha combinación de tres medidas (como QP 7, 35, 48, 52, 72): versos heptasilábicos e hendecasilábicos combinados con un dodecasilábico (o v. 29), estrutura moi semellante á de QP 39, en que se combinaban versos octosilábicos e hendecasilábicos con un verso dodecasilábico.

Reconvertemos como título o que podería ser interpretado como unha nota ao poema, conforme mostra o segundo manuscrito.

4. A utilización do adxectivo *férrido* é coherente co v. 22 (*e férridos e duros*) do Himno Galego [Ferreiro 1996: 74]. Por outra parte, débese ter en conta que *Castilla* é a forma xeral en Pondal: *deixá de Castilla / os duros acentos*, «*Falade gallego*», vv. 5-6 [Senín 1985: 138-139]; *P'la súa cara patria e por Castilla*, v. 1 [Senín 1985: 204]. Na realidade, só documentamos na lírica pondaliana un caso de utilización da forma *Castela* no poema manuscrito «*Bon cop de falç!*», vv. 1-2: *S'é que [a] Castela dades / voso suor, voso sangue* [Ricón 1971: 3-4].⁶

9. O sintagma *pequena patria* referido á Galiza documéntase con certa frecuencia na lírica pondaliana édita: *e da pequena patria a servidume / parece recordar...* (QP 90.17-18). Mais tamén se rexistra na lírica manuscrita, no comezo dun poema inédito (RAG): *Non aqueles que pensan / en redencións gloriosas; / non aqueles que luitan / pola pequena patria escura e boa, / non son estes os seres certamente / qu'a patria avergonzan* (vv. 1-6).

11. Resulta sorprendente a aparición da forma *tod'as*, con representación gráfica dunha anómala crase, ausente na lírica impresa: *todás súas follas* (QP 24.16); 48.14: *todás cousas resoan* (QP 48.14), *todás cousas deste mundo* («*Campana d'Anllóns*», 1895, v. 114).⁷

16. A referencia a Medina, seguramente Medina del Campo, cidade moi ligada ao imperialismo castelán, evidencia o anticastelanismo expreso de Pondal en numerosas composicións.

18. Resulta significativo que o verbo *esligar* só apareza en Pondal noutro contexto moi semellante a este. Trátase de «*Babilonia*» (isto é, Castela), poema manuscrito inédito (RAG): *Cando vós soportades / do sol ardente a forza, / esligando c'a sede / e cheos de congoxa, / ela alegre bebendo / en argentada copa / de vós estase rindo / aquela Babilonia* (vv. 9-16).

19. Lémbrese que a utilización da forma adversativa *mas* é practicamente xeral despois de 1886 [Ferreiro 1995: 251].

23. Os criterios que utilizamos para a fixación do texto tamén permitirían establecer a lección *Da patria doce e verde* para este verso, en coherencia coa primeira redacción do poeta. Mais optamos por recoller o verso longo, en que se introduce a alusión a *Suevia*, frecuente na lírica pondaliana (QP 35.5, 76.25, 77.59).

⁶ Igual que facemos con *Queixumes*, que citamos sempre pola nosa edición [Ferreiro 1995], nas citacións de poemas manuscritos ou de poemas impresos soltos utilizamos sempre o texto que establecemos na compilación da lírica pondaliana de próxima publicación.

⁷ Mais tamén é certo que unha forma semellante aparece nun fragmento manuscrito (RAG) da versión de 1895 deste mesmo poema.

27. Como acontecía con *esligar* (v. 18), *frementes* só se rexistra noutro contexto moi semellante a este, nunha variante manuscrita dos vv. 17-18 de «Cand'eu era gentil rapacete» [Rición 1971: 61-62]: *Cand'ó son d'unhas cordas frementes / de doce guitarra* (Arquivo Parga Pondal).

3. A fonte do poema

A dispersión da biblioteca do poeta fai hoxe difícil a súa completa reconstrución; mais a existencia no Arquivo Parga Pondal dunha edición bilingüe grego-francesa das odas de Anacreonte confirma que este foi un dos autores lidos polo poeta e influentes na súa lírica, como xa ficou claro nun recente estudo, en que se demostra a indubitábel relación de varios poemas pondalianos co autor grego [Amado 1999].

Trátase dun volume, nunha edición extremadamente coidada nos aspectos formais, cuxo título completo é o seguinte: *Odes d'Anacreon avec LIV compositions par Girodet*. Traduction d'Amb. Firmin Didot. Typographie de Firmin Didot Frères. Paris - 1864. A oda que inspirou o texto pondaliano é a primeira desta edición (p. 3), constituíndo, sen dúbida, fonte directa do poema do bergantiñán. Baixo o título «*Sur sa lyre*», rexístrase a tradución francesa en prosa:

*Je voulais chanter les fils d'Atrée; je voulais célébrer Cadmus; mais ma lyre ne rend que des sons d'amour. En vain, préludant sur des cordes nouvelles, ma voix chantait Alcide; ma lyre, quoique toute changée, rendait encore les mêmes sons. Adieu donc, héros, adieu à jamais! la lyre d'Anacréon ne sait chanter que les Amours.*⁸

De todos os xeitos, para alén de que Eduardo Pondal bebese directamente na edición francesa do poeta grego, no ambiente cultural galego de finais do século XIX as odas de Anacreonte circulaban na versión que Florencio Vaamonde Lores, amigo e admirador de Pondal, tiña publicado en 1897. Eis a Oda I, co título «*Á sua lira*», na versión do autor d'*Os Calaicos* [Vaamonde 1897: 3-4]:

*Quero cantar dos Atridas,
Quero de Cadmo cantar;
Pero só doces amores
Miña lira quer soar.*

⁸ Na segunda parte do volume aparecen as versións versificadas ("Imitations en vers d'Anacréon"), da autoría de Girodet. A correspondente a esta oda é a seguinte (p. 119): *Je voudrais célébrer Achille, / Je voudrais célébrer Cadmus; / Mais, non; ma lyre indocile / Ne veut chanter que le fils de Vénus. / L'autre jour, préludant sur des cordes nouvelles, / Je célébrais Alcide et ses travaux, / Et toujours ces cordes rebelles / S'obstinaient à chanter le seul dieu de Paphos. / A vos ombres paix éternelle, / Magnanimes héros! mais adieu sans retour: / Ma lyre, à la gloire infidèle, / Ne veut plus résonner que pour le seul amour.*

*Lle arremudo as cordas todas,
Cantar de Alcides pretendo;
Mias ela tan só de amores
Intérprete sigue sendo.
Héroes, adiós para sempre:
A gloria ja non me inspira,
Que á cantar tan só de amores
Consagrouse a miña lira.*

Efectivamente, un confronto meramente superficial do texto grego co texto pondaliano mostra a evidencia dunha inspiración directa nesta oda anacreontiana, se ben a oposición guerra vs. amor aparece substituída pola oposición castelán vs. galego, referida á lingua de expresión do poeta, e pola oposición Galiza vs. Castela, como obxecto do seu canto.

4. Final

Parécenos, pois, obvio, que, para alén doutras influencias de Anacreonte en Pondal xa apuntadas [Carballo Calero 1975: 259, 293-294] ou detalladamente estudadas [Amado 1999], estamos agora perante un novo texto en que a relación do Bardo co poeta grego aínda se fai máis explícita, confirmando que este é un autor importante no que respeita ás fontes da lírica pondaliana.

Con todo, non queremos deixar de subliñar que a clara opción que Eduardo Pondal tomou polo unilingüismo literario a partir de 1885 [Ferreiro 1991: 41] se ve agora confirmada poeticamente nun texto serodio, en claro contraste coa práctica habitual da inmensa maioría dos nosos escritores do Rexurdimento.

Deste xeito, de novo se confirma o que se ten afirmado en diversas ocasións sobre a poesía pondaliana: a necesidade de contarmos cunha compilación exhaustiva dos textos líricos do poeta da Ponte-Ceso para, a partir do corpus completo fixado criteriosamente, estudar detallada e apuradamente o proceso de criación literaria no Bardo coas pertinentes consecuencias que na historia da literatura galega contemporánea vai ter esta nova visión dun dos poetas máis representativos do noso ser nacional.

Bibliografía

ACADEMIA GALLEGA. *Queixumes dos pinos (2ª edición) y Poesías inéditas de Eduardo Pondal*. La Coruña: Imp. Zincke Hermanos, 1935.

- AMADO RODRÍGUEZ, M^a TERESA. “Os gregos e Pondal”. En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, t. II, pp. 95-107.
- CARBALLO CALERO, RICARDO. *Versos iñorados ou esquecidos de Eduardo Pondal*. Reunidos, prologados e anotados por ... Vigo: Galaxia, 1961.
- , *Historia da literatura galega contemporánea*. Vigo: Galaxia, 1975 (2^a ed.).
- FERREIRO, MANUEL. *Pondal: do dandysmo á loucura (Biografía e correspondencia)*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1991.
- , *De Breogán aos Pinos. O texto do Himno Galego*. Santiago de Compostela: Laiovento, 1996.
- , “‘Terra verde’: un poema inédito de Eduardo Pondal”. En Rosario Álvarez e Dolores Vilavedra (coords.). *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó Profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999, t. II, pp. 509-527.
- FERREIRO, MANUEL (ed.). PONDAL, EDUARDO. *Poesía Galega Completa. I. Queixumes dos Pinos*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 1995.
- RICÓN, AMADO (ed.). EDUARDO PONDAL. *Novos poemas*. Limiar, transcrición e notas de ... Vigo: Galaxia, 1971.
- SENÍN, XAVIER (ed.). EDUARDO PONDAL. *Queixumes dos pinos e outros poemas*. Edición ó coidado de ... Vigo: Galaxia, 1985.
- VAAMONDE, FLORENCIO. *Odas de Anacreonte. Version gallega de...* A Cruña, 1897.